

Convocatoria de sesión ordinaria do Pleno ordinario da Corporación para o día 29 de maio, ás 10.00 horas.

De conformidade co acordado polo Pleno da Deputación Provincial na sesión extraordinaria de organización do 16 de xullo de 2019, durante o mandato 2019-2023 o Pleno debe realizar sesión ordinaria cunha periodicidade mensual o último venres de cada mes.

Doutra parte, o artigo 7.bis do Regulamento orgánico da Deputación Provincial de Ourense permite a emisión do voto a distancia nos supostos de embarazo, permiso de maternidade ou paternidade ou incapacidade temporal dos deputados ou deputadas, trala solicitude previa do interesado á Presidencia.

Na circunstancia extraordinaria na que nos atopamos debido á pandemia do COVID 19, é posible que moitos/as deputados/as opten por non asistir á sesión Plenaria como medida de prevención do risco de contaxios, situación que por analoxía e de forma excepcional debe considerarse análoga á de incapacidade temporal.

Neste sentido estímase oportuno que a Presidencia autorice de oficio a emisión do voto a distancia daqueles/as deputados/as que opten por non asistir, sen necesidade de que estes o soliciten previamente.

Polo exposto, **DISPOÑO:**

Convocar a sesión **ordinaria** do Pleno da Corporación, no seguinte sentido:

DÍA: 29 de maio de 2020
HORA: 10.00 horas en primeira convocatoria*
LUGAR: Salón de Plenos do Pazo Provincial

* Se na primeira convocatoria non existise o quórum necesario, segundo o disposto no número anterior, entenderase convocada a sesión automaticamente dous (2) días despois.

A orde do día da sesión será a seguinte:

1. 2020/2110Z PRESIDENCIA

Modificación da Ordenanza reguladora dos procedementos de selección de persoal funcionario interino e laboral temporal ao servizo da Deputación Provincial de Ourense.

2. 2020/9783M PRESIDENCIA

Expediente número 4/2020 de modificación do obxecto da subvención nominativa aprobada no Pleno do 29 de setembro de 2019 e publicada definitivamente no BOP número 251 de 31 de outubro de 2019.

3. 2019/10026H PRESIDENCIA

Modificación das bases 9ª e 10ª do Plan Provincial de Cooperación ás Obras e Servizos Municipais e da Rede Viaria Provincial para o exercicio 2020.

4. 2020/10579S PRESIDENCIA

Aceptación da delegación de competencia formulada polo concello de Muíños para a tramitación do expediente expropiatorio para a execución da obra “ampliación de accesos a Requias e Guntumil”, no municipio de Muíños.

5. 2019/9156G PRESIDENCIA

Outorgamento ao escultor ourensán don Acisclo Rogelio Manzano Freire da medalla de ouro de provincia de Ourense.

6. 2018/8819V PRESIDENCIA

Modificación das bases reguladoras do programa de cooperación da Deputación de Ourense cos concellos, para o cofinanciamento da rede provincial de espazos culturais e a programación coordinada de actividades a nivel provincial (REAOU) para o exercicio 2020.

7. 2020/5960T NEGOCIADO DE SECRETARÍA XERAL

Moción do Grupo Popular e Democracia Ourensana para a constitución da comisión “Ourense Futuro” .

8. 2020/6386N NEGOCIADO DE SECRETARÍA XERAL

Moción de Ciudadanos-Partido de la Ciudadanía para que os concellos e deputacións poidan dispor do 100% do remanente de tesourería obtido polas entidades.

9. 2020/6797D NEGOCIADO DE SECRETARÍA XERAL

Moción do Grupo Popular e Democracia Ourensana para instar ao Goberno de España a garantir a autonomía que a Constitución Española e as leis lles outorgan ás entidades locais para a xestión dos seus recursos.

10. 2020/8341N NEGOCIADO DE SECRETARÍA XERAL

Moción do Grupo Socialista sobre a introdución de melloras na asistencia e cooperación da Deputación aos concellos da provincia a causa do COVID 19.

11. 2020/8706D NEGOCIADO DE SECRETARÍA XERAL

Moción do BNG sobre un plan provincial único de cooperación cos concellos da Deputación de Ourense.

12. 2020/8321S NEGOCIADO DE SECRETARÍA XERAL

Moción do Grupo Socialista sobre medidas de axuda de contido social para paliar os efectos sanitarios, económicos e sociais ocasionados pola pandemia do COVID 19.

13. ASUNTOS DE URXENCIA.

14. COMUNICACIÓNS DA PRESIDENCIA.

Dación de conta das relacións de decretos do mes de abril de 2020.

15. ROGOS E PREGUNTAS.

Recoméndaselles aos grupos políticos que coa finalidade de previr posibles riscos derivados da concentración de persoas nun espazo pechado durante a realización da sesión, se evite a participación presencial no Pleno daqueles/as deputados/as cuxa presenza física non sexa imprescindible. Para estes efectos, os deputados e deputadas que non vaian asistir quedan autorizados para emitir o seu voto a distancia entre a data da recepción desta convocatoria e ata o momento da votación.

Para estes efectos o voto a distancia deberá remitirse por correo electrónico ao enderezo secretaria.xeral@depourense.es remitindo en arquivo adxunto o documento dos votos debidamente cuberto, que se lles remitirá coa convocatoria, ben asinado electronicamente ou asinado en papel e dixitalizado.

Para calquera dúbida ao respecto poderá contactarse coa Secretaría Xeral no enderezo electrónico indicado ou no teléfono 629830431.

O sentido do voto expresado non se fará público ata o momento da votación de cada asunto.

Igualmente, os deputados e as deputadas que non asistan á sesión poderán seguir o seu desenvolvemento mediante a retransmisión en streaming a través do enlace que se lles remitirá oportunamente.

